

CONCURSO DE CARTEIS

A SOCIEDADE CULTURAL RECREATIVA MUSICAL "LEDICIA", DE BURELA (LUGO) CONVOCA UN CONCURSO DE CARTEIS CO GALLO DA CELEBRACIÓN DA **XXXV FEIRA DO BONITO** QUE TERA LUGAR O VINDEIRO **3 DE AGOSTO DE 2019** (primeiro sábado de agosto) NA EXPLANADA PORTUARIA DA LOCALIDADE.

BASES

1. Poden participar tódalas persoas que o desexen.
2. Convócase o concurso en dúas categorías:
 - **Categoría A:** concursantes ata 14 anos
 - **Categoría B:** concursantes maiores de 14 anos
3. O tema debe ter -necesariamente- relación co bonito e/ou co ensalzamento da feira.
4. O encabezamento do traballo será: **XXXV Feira do Bonito**, e deben aparecer tamén o lugar e data de celebración da mesma: **Burela 3 de agosto de 2019**.
5. A técnica a empregar é libre, pero no caso de traballos que se presenten en soporte informático, deben acompañarse dun exemplar impreso.
3. As medidas para os traballos son:
 - **Cat. A: 15 x 20 cm.**
 - **Cat. B: 50 x 65 cm.**
7. Cada autor pode achegar un ou varios traballos, **sen asinar** e acompañados dun sobre pechado cos seus datos no interior e a categoría na que participa no exterior.
8. Os orixinais **poden entregarse ata o día 27 de maio de 2019** no local social de Leducia, ben por correo (Rúa do Ril nº 4 – entr/baixo 27880 – Burela), ben de xeito persoal os mércores entre as 20:30 h e as 22:30 h
9. Premiarase un traballo por categoría; correspondendo o gañador da **Categoría A ó programa de man;** e o da **Categoría B ó cartel anunciador** da Feira.
10. Os premios consistirán en obsequios representativos da Feira e entregaranse o día de celebración da mesma.
11. Tódolos orixinais quedarán en poder da S.C.R. Leducia.
12. A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

¡¡ GRAZAS POLA VOSA PARTICIPACIÓN !!